

**AMOR E FEMINISMO. DE DIÓTIMA A EMMA GOLDMAN**

**Por Carmen Blanco**

## Historia do feminismo

O feminismo é unha realidade multiforme e plural que non ten data exacta de nacemento. Mais como movemento social e político nace no século XIX que é tamén cando se crea a palabra como un neoloxismo que acabará designando o conxunto de teorías e prácticas sociais que reivindicán e defenden a dignidade das mulleres. Non obstante, a toma de conciencia persoal da propia situación feminina precede no tempo ao fenómeno político en sentido estrito e así pódese falar historicamente da existencia dun *prefeminismo*, centrado na disputa social, que se remonta ás orixes mesmas do patriarcado no seo do cal terían lugar os contradiscursos antipatriarcais e filóxinos de resistencia fronte á misoxinia do sistema, uns contradiscursos cifrados na chamada *querelle des femmes* ou debate das excelencias, que tivo en Christine de Pizan, autora de *O libro da cidade das damas*, escrito a comezos do século XV, á súa figura máis emblemática e no ilustrado galego Benito Jerónimo Feijoo a un dos seus principais representantes co ensaio en “Defensa das mulleres”, incluído no seu *Teatro crítico universal* (1726-1740, tomo I, discurso XVI). Nesta tan prolongada primeira etapa aparecen xa os principios teóricos e prácticos básicos do feminismo que, con modulacións epocais, permanecerán no seu seo ata o presente; estes principios esenciais son: a desmitificación dos falsos prexuízos, a forza revolucionaria da memoria que leva á creación de repertorios de mulleres ilustres, a importancia da educación como dereito das mulleres e remedio contra a súa subordinación, a denuncia da escravitude sexual e o ideal de independencia persoal.

No século XVIII prodúcese a transición do chamado *feminismo orixinario* centrado na discusión política no contexto do proceso democrático burgués propiciado por fenómenos como a Revolución Francesa. Este feminismo ten como principais teóricas á francesa Olympe de Gouges, coa *Declaración dos dereitos da muller e da cidadá* (1791), e á inglesa Mary Wollstonecraft, coa *Vindicación dos dereitos da muller* (1792): elas son as creadoras dos dous textos matriz dos que partirá o feminismo político e social. No caso de Gouges estamos ante un enfoque predominantemente político, que se centra na mobilización das mulleres en contra da tiranía dos homes, e no caso de Wollstonecraft asistimos a unha focalización basicamente ética, que xira en torno á mutación dos principios culturais sobre os que asenta a opresión feminina. Estas dúas posturas, que privilexian cada unha un determinado enfoque de tipo político e ético, respectivamente, e implican posicionamentos políticos distintos ante o problema, manteranse no debate sobre os sexos desde este primeiro momento ata a actualidade. De feito, as posturas feministas que contemplan a especificidade da situación das mulleres seguirán mantendo durante os séculos seguintes a dualidade entre o enfoque primordialmente político, propio das correntes reformistas tanto liberais como marxistas, e a perspectiva de raíz ética, presente nas liñas radicais, autónomas e libertarias.

O que se vén considerando como o nacemento simbólico do feminismo propiamente dito ten lugar en 1848 nunha convención celebrada no estado de Nova York: é a aprobación do documento que se coñece co nome de

“Declaración de Séneca Falls”, redactado por Lucrecia Mott e Elizabeth Cady Stanton, que sinala, pola continuidade do movemento de mulleres que provoca, o punto de arranque da actuación política e a organización social das mulleres que dará lugar á primeira etapa do feminismo. Esta primeira grande onda feminista é a do denominado *feminismo sufragista* que se inicia no século XIX e que terá o seu máximo apoxeo nas áreas de maior influencia a comezos do século XX. Céntrase na reivindicación da igualdade, postulando as súas reclamacións en igualarse desde o punto de vista cívico cos homes, nos dereitos á educación, á propiedade privada, ao traballo asalariado, ao voto e ao divorcio. Tanto na teoría como na práctica houbo nesta etapa distintas correntes ideolóxicas, destacando entre elas a liberal do británico John Stuart Mill, autor de *A escravitude das mulleres* (1869); a socialista do alemán August Bebel, que escribiu *A muller e o socialismo* (1883); a comunista do igualmente xermano Friedrich Engels, creador da emblemática obra *A orixe da familia, da propiedade privada e do estado* (1884); e a anarquista da rusa Emma Goldman, que publica *Tráfico de mulleres* (1917) en Nova York. Mais neste período feminista predominou o seu carácter reformista e burgués, derivado da ideoloxía liberal que lle deu forma e que o aglutinou de xeito maioritario, da mesma maneira que tivo na súa reivindicación do dereito ao voto a súa proclama máis simbólica. E, de feito, os logros desta etapa feminista poden verse a través do simbólico sufraxio feminino, que, segundo avanza as tres primeiras décadas do XX, se vai conseguindo na maioría dos estados europeos e en Norte América, como consecuencia das campañas sufragistas e dos triunfos políticos progresistas e revolucionarios. A primeira excepción na consecución do voto é a producida no estado norteamericano de Wyoming que o obtén sen restricións en 1869. Con posterioridade concédeno Finlandia en 1906, Noruega en 1913, Dinamarca e Islandia en 1915, Holanda e Rusia en 1917, Gran Bretaña e Alemaña en 1918, Suecia en 1919, Estados Unidos en 1920, Irlanda en 1922, Austria, Checoslovaquia e Polonia en 1923, España en 1931, Portugal e Francia en 1945 e Italia en 1946.

A segunda grande onda feminista é a do denominado *feminismo da liberación da muller* que se inicia nos anos sesenta do século XX e que se centra na busca da autonomía e na profundización na diferenza. Esta etapa está caracterizada fundamentalmente polo seu trazo revolucionario antipatriarcal e anticapitalista, que reacciona contra a actitude reformista e burguesa que primara na onda anterior. De feito, neste rexurdir feminista teñen un grande impacto o marxismo, os ideais libertarios e as novas teorías de liberación anticoloniais, ideas que, aínda que antes xa estiveran presentes no movemento de mulleres, agora se fan hexemónicas; e así deste carácter marcadamente revolucionario deriva a tendencia xeneralizada nesta etapa ao rexeitamento da política institucional e á procura de actuacións políticas alternativas, así como a inclinación dominante á organización unisexual, antixerárquica e independente das agrupacións políticas clásicas. Nas súas reivindicacións o feminismo da liberación da muller continúa a campaña pola igualdade de dereitos civís, pero agora engade outras reclamacións novas relativas á liberdade sexual e á autonomía do propio corpo, como o libre acceso aos anticonceptivos e ao aborto, así como a denuncia da violencia contra as mulleres: malos tratos, acoso sexual e violación. Estes temas tampouco non son novos pero neste momento convértense en maioritarios e

aglutinan o movemento de mulleres ata os nosos días. Tanto na teoría como na práctica foi esta unha etapa plural e multiforme con moitas correntes ideolóxicas marcadas polo absoluto protagonismo feminino. Entre as pensadoras que máis influíron neste período cómpre destacar a dúas pioneiras que publicaron as súas obras no período de transición entre as dúas grandes ondas feministas: a inglesa Virginia Woolf, con *Un cuarto de seu* (1929) e *Tres guineas* (1935), e a francesa Simone de Beauvoir, con *O segundo sexo* (1949). Ademais delas, como representantes xa do propio período da liberación da muller destacan como liñas ideolóxicas principais as da liberal norteamericana Betty Friedan, con *A mística da feminidade* (1963); a radical, tamén norteamericana, Kate Millett, con *Política sexual* (1970); e a independente ou autónoma italiana Carla Lonzi, con *Cuspamos sobre Hegel* (1974).

No contexto estatal español, ubicado no sur europeo de forte tradición católica, o caso especial de Galicia presenta unhas características propias derivadas da súa peculiaridade periférica de país basicamente rural, con escasísima industrialización, acentuada pervivencia do Antigo Réxime, un alto grao de emigración temporal ou permanente e un marcado atraso educativo que afecta especialmente ao sector feminino. Nesta situación o movemento de mulleres ten pouca presenza e a polémica feminista aparece dominada polas ideas do catolicismo, que publica numerosas obras para contrarrestar os avances das novas ideas sobre a muller, pero tamén existe unha minoría feminista que está na vangarda do feminismo ibérico. Entre esta minoría avanzada encóntranse Rosalía de Castro, que publica o ensaio de feminismo literario "Las literatas. Carta a Eduarda" (1866) en Lugo; Concepción Arenal, pioneira partícipe na vida pública e autora de *La mujer del porvenir* (1861); Emilia Pardo Bazán, a máis activa creadora da polémica feminista en España; e María Barbeito y Cerviño, a pedagoga republicana autora do opúsculo *La mujer antes, ahora y después* (1934); ademais doutras moitas como Filomena Dato Muruais, Juana de Vega ou María Luz Morales; e así como a minoría de persoas que defendían na prensa progresista e no asociacionismo social de base o estatus de igualdade ou o sector aínda máis minoritario que apostaba por unha profunda ruptura xenérica radicalmente liberadora.

Por outra parte, entrado o século XX, para conter ou sumarse aos inevitables avances das mulleres, creáronse diversas seccións femininas nas distintas organizacións políticas e apareceron as primeiras agrupacións feministas. Temos referencia da existencia de agrupacións feministas, entre as que podemos mencionar a ubicada na Coruña relativa a un núcleo pertencente á Liga Internacional de Mujeres Ibéricas e Hispanoamericanas e á Cruzada de Mujeres Españolas, dirixidas por Carmen de Burgos, e a localizada en Vigo que alude á Asociación de Mujeres contra la Guerra y el Fascismo, que estaba inspirada polo Partido Comunista. Por outra parte, o nacionalismo galego non pasou de crear algunha sección feminina local no período republicano, como as Irmandades Femininas da Coruña, Betanzos ou A Estrada; o grupo feminino ourensán do Partido Galeguista de Ourense presidido por Celia Bouzas de Peña; e as Mocedades Femeninas Orensanas, con Rosa Docampo, Maruxa G. Quiroga e Felisa Fernández Morais na súa primeira xunta directiva, que asinan en 1936, xunto con Luisa Cid, Olimpa Varela e María Cordero, o "Manifiesto das mozas nacionalistas ourensás a tódalas rapazas galegas" aparecido en *Guieiro*

e que en *A Nosa Terra* leva por título "As mulleres galegas" (*A Nosa Terra* 20-3-1936). Estas agrupacións, ao igual que o groso do movemento nacionalista, limitábanse basicamente a reclamar o compromiso galeguista das mulleres, sen tratar a problemática específica deste sexo e / ou reproducindo o papel feminino galaico da nai forte, segundo se pode constatar no periódico *A Nosa Terra*, especialmente na sección titulada "O recanto da muller" na que aparecen escritos de Carmen Lobeiras Pantín, Elvira Bao Maceiras, María Santos Freire ou Xaquina Trillo Sánchez e onde parece estar latente un rexeitamento implícito do feminismo, pero tamén de certos aspectos da feminidade tradicional. Por outra parte, igual que no resto do Estado, a esquerda republicana, socialista e comunista acaba creando as súas propias agrupacións femininas, orientadas fundamentalmente á canalización do voto das mulleres, para contrarrestar o forte proselitismo feminino despregado pola reacción dereitista especialmente a partir dos anos vinte. Entre as de signo republicano e socialista, podemos citar a Agrupación Femenina de Acción Republicana, logo Agrupación Republicana Femenina da Coruña; a Agrupación Femenina do Partido Radical de Vigo; a Agrupación Femenina do Partido Republicano Radical Socialista de Pontevedra; o Patronato Femenino de Ferrol; a Juventud Republicana da Coruña; o Grupo Socialista Femenino de Ferrol e as Juventudes Femeninas Socialistas da mesma localidade. Pola súa parte, o comunismo seguiu a táctica da creación de asociacións unitarias e interclasistas baixo as directrices internacionais da Organización de Mulleres contra a Guerra e o Fascismo, e desta maneira temos noticia da existencia de Agrupacións de Mulleres Antifascistas en lugares como o xa citado Vigo ou Ferrol e A Coruña, así como das Xuventudes Comunistas Femininas da Coruña.

Na segunda onda feminista volve darse en Galicia o contraste entre un movemento de mulleres relativamente precario e unha minoría de vangarda teórica e práctica que está á altura do feminismo máis avanzado dos séculos XX e XXI. Así o caso particular galaico inscríbese nas liñas xerais retardatarias do estado español, especialmente as producidas polas imposicións da ditadura franquista, cunha serie de notas específicas derivadas fundamentalmente do subdesenvolvemento socioeconómico, do pouco peso do progresismo e do arraigo do tradicionalismo nacionalista en relación ao sistema de sexo e xénero, arraigo que se combina cunha autóctona teoría e práctica igualitarista baseada na peculiar impronta dunha vella iniciativa feminina presente aínda hoxe en certos aspectos da sociedade e da cultura galaicas. Deste modo o feminismo desta etapa caracterízase, agás destacadas excepcións, por ser notablemente tardío, respecto aos centros estatais ou mundiais do movemento, e marcadamente dependente dos xogos da política xeral galaica e cunhas características coincidentes en moitos aspectos coas que presenta o rexurdir feminista en certas situacións coloniais ou de nacionalismo centrífugo, nas que a iniciativa política das mulleres se dirixe preferentemente a obxectivos non directamente feministas.

Como no contexto estatal e occidental en xeral, en Galicia pódense distinguir durante esta segunda onda feminista tres etapas evolutivas básicas artelladas en torno a un primeiro momento de conformación, que aquí parece situarse esencialmente ao redor da data simbólica de 1975 (Ano Internacional

da Muller), a un segundo momento de eclosión, que comprende os últimos anos setenta e os primeiros oitenta, e, finalmente, en torno a una terceira etapa de transformación, que se estende ata os noventa e o seu tránsito aos dous mil. Dentro deste panorama, nun primeiro momento, formáronse os grupos e núcleos de mulleres que manterían as bases do feminismo galego. Con posterioridade, leváronse a cabo campañas unitarias durante o período de eclosión social do movemento, especialmente as que tiveron lugar a favor do divorcio e da legalización do aborto. Estas accións reivindicativas continuaron sendo promovidas polas coordinadoras de grupos feministas que se formaron ao efecto tanto no ámbito galego como en distintas cidades. Pero a medida que avanzaban os anos oitenta estas actuacións fóronse diversificando e adquirindo un carácter máis puntual e minoritario, centradas fundamentalmente nas agresións sexuais en xeral e na violación en particular, ao tempo que se acentuaban as diferenzas entre as distintas liñas feministas. Mais, de novo, a finais da década dos oitenta e durante os noventa e comezos do dous mil, semella proliferar un feminismo institucional cada vez máis afianzado, xunto cun feminismo social estendido e diversificado de acordo con distintas necesidades específicas e problemas singulares, especialmente o dos malos tratos domésticos, o da prostitución e o da homosexualidade, ao tempo que o panorama feminista se recompón, adaptándose e readaptándose ás cambiantes coxunturas do microsistema político da esquerda galega, de onde parten distintas estratexias que tratan ben de sumarse ao movemento, ou ben de captalo ou dirixilo. Da mesma maneira, a dereita política comeza a desenvolver tamén nos últimos anos unha nova política feminina, incluso de carácter neofeminista, para recoller os votos das mulleres e contrarrestar a tendencia á apropiación de certo feminismo por parte da esquerda. Como consecuencia, avanzada esta última etapa, asistimos á reconcentración en labores específicos de boa parte do feminismo independente e do de clase, fronte á proliferación do feminismo reformista e institucional, un contexto no que sobresaen feitos puntuais como a reactivación das accións unitarias do movemento en torno á coordinadora galaica creada a raíz da mobilización da Marcha mundial das mulleres 2000, que creou o seu propio himno, "Marchando máis alá", e mantívose anos despois da data do seu nacemento.

Organizativamente destacan o Movemento Democrático de Mulleres, implantado desde 1968; a Asociación Galega da Muller, fundada en 1976; as Feminista Independentes Galegas, creadas en 1978; o Colectivo de "Mulleres Livres", que funciona desde mediados dos anos oitenta; as Mulleres Nacionalista Galegas, que existen desde 1988; e a Federación Galega de Mulleres Progresista, constituída en 1993; así como o Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller "Alecrín", aberto en 1986. Entre as obras teóricas aparecen o primeiro ensaio feminista, *A muller en Galicia* (1977) de María Xosé Queizán; *Cartas a Rosalía* (1981), de Teresa Barro, e *O contradiscurso das mulleres* (1995), de Carmen Blanco, unha teoría xeral sobre o feminismo con estudo especial do caso galego. En estreita sintonía co activismo feminista, desde os anos oitenta, creouse un importante movemento cultural que modificou a vida cotiá e que se deixou ver especialmente no xornalismo, na creación literaria e artística e nos estudos humanísticos, onde proliferan numerosas personalidades (mulleres e homes) cunha obra de signo liberador e feminista.

## Reescribindo con liberdade o amor

Desde os comezos feministas das etapas prefeminista e do feminismo orixinario aparece xa unha clara denuncia da escravitude das mulleres do seu maltrato social e da violación. Todos estes principios manteranse durante as novas etapas do feminismo sufraxista e do da liberación da muller como principios básicos dunha concepción das mulleres asentada sobre a dignidade e a liberdade e dunha relación entre os sexos así mesmo asentada sobre a igualdade de dereitos.

Durante o feminismo orixinario as socialistas utópicas, fourieristas, owenistas e saintsimonianas fixeron fincapé especialmente na denuncia da escravitude sexual e durante o sufraxismo boa parte das feministas radicais, xa fosen liberais, socialistas, comunistas ou anarquistas, criticaron a institución matrimonial; falaban do dereito ao divorcio; defenderon o amor libre, o dereito ao pracer das mulleres ou o emprego de métodos anticonceptivos; e pediron a despenalización do aborto. Figuras como a inglesa Frances Wright, as irmás norteamericanas Victoria e Tennessee Claflin Woodhull, ademais da Kollontai e da Goldman fixeron súas na súa vida e nos seus escritos estas ideas. E, aínda que os principios que movían ao neomalthusianismo e ao feminismo eran ben distintos, as súas preocupacións comúns polo control da natalidade fíxoos colaborar en distintas ocasións. De feito, a comadróna Goldman informouse no malthusianismo sobre anticoncepción e tamén tiveron importantes contactos con el médicas como a holandesa Aletta Jacobs, a francesa Madeleine Pelletier ou a alemá Helene Stöcker, que se preocuparon, respectivamente, por divulgar a anticoncepción entre as obreiras, defender o dereito ao aborto e recoñecer as relacións sexuais á marxe do matrimonio a través da protección da nai solteira e da filiación "ilexítima". E, por outra parte, a Liga Mundial pola Reforma Sexual sobre unha Base Científica estableceu vínculos internacionais entre moitas das personalidades nomeadas e outras como as inglesas Dora Russell e Marie Stopes ou a norteamericana Margaret Sanger.

Indo aínda máis alá, incluso a propia Stopes ou a mesma Goldman aceptaron abertamente a homosexualidade feminina, que, de feito, se daba en todos os grupos sociais, como as "amizades románticas" na clase media e o "matrimonio bostoniano" entre certas feministas. Ademais, os comezos do século XX representan un momento álxido da marxinal cultura lésbica que se refuxiaba nos guetos pobres e prostibularios, aos que acudían as *bulldaggers*, ou nos salóns, bares e apartamentos compartidos polas intelectuais e artistas lesbianas de capitais como Berlín, París ou Nova York. Neste sentido, son especialmente simbólicas, por exemplo, as relacións creadas entre Gertrude Stein e Alice B. Toklas ou as establecidas por Vita Sackville-West con Violet Trefusis e Virginia Woolf, así como a existencia da comunidade de mulleres formada en torno ao salón parisino de Nathalie Barney, ao que estiveron vencelladas, ademais da propia Stein, outras personalidades moi diversas como Djuna Barnes, Liane de Pougy ou Janet Flanner, famosas pola súa defensa dunha sexualidade aberta cara á bisexualidade e o lesbianismo.

Mais todas estas ideas radicais, que supoñían a ruptura coas normas

morais básicas sobre as que asentaba o sistema social, non foron asumidas maioritariamente polo feminismo e moito menos pola sociedade en xeral, dando lugar a unha forte reacción polémica. Con todo, serían aceptadas por unha pequena minoría de vangarda pioneira do principio da liberdade sexual, que o feminismo contribuiría a crear dentro das ideas humanísticas e dos dereitos humanos fundamentais, como unha base sobre a que asentar unha nova e aberta concepción do amor.

Suscitaron menos polémica dentro do movemento as ideas tendentes á liberalización do corpo das mulleres fronte á tiranía da moda e dos tabús sexuais. O feminismo supón unha nova ética e como tal vai unida lóxicamente a unha nova estética, cifrada basicamente na sinxeleza e na suposta naturalidade. E, a medida que avanza o tempo, a superación dos medos e prohibicións que rodeaban o corpo feminino fan confluír ponlas do feminismo con outras liñas de pensamento como o naturismo ou o vexetarianismo.

Estas ideas acabarán chegando incluso ao mundo da moda que lanzará a partir dos anos vinte un novo modelo de muller delgada e con saia e cabelo curtos, usos máis adaptados ao novo estilo de vida e ás prácticas deportivas cada vez máis estendidas. Era este o modelo da "nova Eva", unha figura andróxina sen curvas marcadas, áxil e con cigarro e carné de conducir, que se denominou *flapper* en Inglaterra e América, *garçonne* en Francia e *maschietta* en Italia.

Por outra parte, foron moi sonadas as campañas feministas que se realizaron contra o corsé nesta etapa sufraxista e que acabaron finalmente tamén influíndo nas novas modas estéticas e nos novos canons eróticos. O espírito destas campañas anti-corsé repetírase renovado na proclama e na práctica do "sensuexitadorismo" da época da liberación da muller, que tamén acabaría sendo asimilada pola industria da moda.

De igual maneira, as directrices para a reforma da vestimenta propostas neste momento pola norteamericana Amelia Jenks Bloomer, asociando os pantalóns turcos, intermedios entre o pantalón occidental masculino e a saia das mulleres, coa liberdade feminina, non se cumprirán de feito plenamente ata a utilización masiva desta prenda na súa versión masculina por parte das mulleres a partir dos anos setenta. De todos os xeitos, o travestismo foi considerado perigoso durante todo o XIX e o XX, pese a que boa parte do feminismo radical simpatizase con el polo seu carácter transgresor e rebelde, e, de feito, a sociedade en xeral rexeitou as prendas curtas das saint-simonianas, que deixaban ver os pantalóns, e o mesmo fixo coa indumentaria *georgesandista*. Quizais recollendo a iniciativa *bloomeriana* e dándolle unha intencionalidade revolucionaria profunda destrutora dos moldes xenéricos, Virginia Woolf simbolizou a personalidade andróxina precisamente na figura de Orlando, ataviada con prendas orientais bifurcadas.

Durante o feminismo da liberación da muller as súas máis diversas agrupacións promoven manifestacións de diverso tipo, reclamando a liberdade para as mulleres, o dereito ao propio corpo e protestando contra a violencia masculina. Estas demostracións públicas tenderán a ser máis masivas no



momento álxido dos anos setenta, especialmente en torno á reivindicación do aborto que produce mobilizacións importantes reclamando unha lexislación liberalizadora en toda Europa occidental e América do Norte. As campañas foron especialmente controvertidas en estados como Gran Bretaña, Alemaña, Holanda, Francia, Italia, España, Estados Unidos e Canadá e nas culturas católicas víronse precedidas doutras accións a favor da despenalización do adulterio, dunha lei de divorcio e da liberalización da anticoncepción.

Con posterioridade, durante as décadas dos oitenta, noventa e dous mil, unha vez conseguidas algunhas das reivindicacións anteriores, as campañas feministas centráronse fundamentalmente na denuncia da violación, o acoso sexual, os malos tratos e a obxectualización das mulleres, así como na defensa dos dereitos de sectores especialmente marxinados como as lesbianas ou as prostitutas, dous dos grupos sociais que nestes anos avanzan considerablemente na súa autoorganización. Este feito imprime un cambio de rumbo importante no enfoque da prostitución, que agora adquire dentro do feminismo un tratamento moi lonxano do moralismo dominante e entroncado coa crítica libertaria radical da Goldman.

En síntese, cómpre dicir que desde o principio o feminismo tivo que enfrontarse co tema da sexualidade, vencellada profundamente á dialéctica dos sexos oculta nas vellas formulacións do "amor", pero no novo feminismo dos sesenta, que nacera na era da denominada "revolución sexual" na que dominaban as ideas antirrepresivas de Wilhelm Reich, esta cuestión resultou ser central, non só no que foi a realidade de moitas das súas reivindicacións en torno a fenómenos como os anticonceptivos, o aborto, a pornografía ou a prostitución, senón tamén na propia teorización. En ambos campos, o da teoría e o da práctica, as polémicas foron -e continúan sendo- múltiples e ruídosas e nelas confluíron e entrecruzáronse as distintas fraccións ideolóxicas e políticas, chegando incluso a establecerse distintas políticas sexuais prescriptivas. Nun primeiro momento, a ideoloxía da liberación sexual impúxose primando a busca un pouco indiscriminada do pracer, mais segundo se avanzaba na desconstrución do androcentrismo, desde a segunda metade dos anos setenta, foise poñendo un maior empeño no perigo da dominación masculina que tal "liberación" supoñía para as mulleres, ata que a finais dos oitenta a polémica entre ambas tendencias estoupou cunha marcada violencia dialéctica en materias como a pornografía ou a prostitución, dividindo en dous bandos extremos a censoras e abolicionistas fronte a panexiristas e defensoras.

Pero tamén máis alá destes dous temas concretos, nas cuestións xerais relativas ao sexo e seguindo a tradición, instituíronse dous grandes bloques contrapostos. Por unha parte estaban as que se fixaban no aspecto negativo da sexualidade, ou sexa, no perigo que supón para as mulleres o seu exercicio na situación de dominación masculina, e por outra atopábanse as que insistían no aspecto positivo da busca da liberdade e do pracer negados pola imposición duns usos sexuais femininos restritivos. Nas súas respectivas inxenuidades, cando esqueceron os poderes que constrúen os propios discursos sobre a sexualidade, ambas posturas chegaron a extremos de máximo conflito, mais as dúas tendencias, parecen inherentes ao feminismo e serviron para evidenciar

problemáticas que debían ser tidas en conta dentro do mesmo. Entre estes temas conflitivos destaca especialmente o irresistible alcance da escravitude sexual, que denuncia por exemplo a obra *Escravidade sexual da muller* (1979) de Katheen Barry. Mais son tamén fundamentais outros asuntos como as tendencias aparecidas dentro do propio feminismo encamiñadas a establecer unha normativa sexual correcta, xa fose inspirada pola homofobia ou pola heterofobia, e que foron criticadas pola corrente liberalizadora do sexo, como ocorreu tamén coa tendencia ao puritanismo sexual. Ambos polos, o liberacionista e o restrictivo, proceden da dialéctica positiva / negativa que envolve a sexualidade das mulleres na sociedade patriarcal, e, aínda que minoritario e menos ruidoso, tamén se deu un difícil posicionamento antidogmático e aberto que tratou de comprender tanto as complexidades dos riscos sexuais como as múltiples posibilidades das experiencias pracentes, combatendo os primeiros e propagando as segundas. Esta procura da liberdade sen poder xa fora apuntada pola Goldman no pasado e é recollida neste momento na imaxinación da creación literaria de Angela Carter, por exemplo. Foi por este camiño totalmente antidogmático e aberto polo que se reconstruíu a realidade do amor como a unión absolutamente libre de persoas e como se reescribiu con liberdade o amor.

### **Diótima: unha estranxeira no *Banquete* de Platón**

Coa reconstrucción do amor pola liberdade emanada da loita contra o poder sexual levada a cabo polo feminismo chegamos na práctica real ao punto final da liberdade total inherente ao amor que mereza tal nome. Mais no principio, na teoría, tamén foi o amor absoluto e a liberdade absoluta e ese amor e esa liberdade estaban encarnadas nunha muller e esa muller era Diótima. No principio, pois, foi Diótima.

Diótima é unha estranxeira de Mantinea mestra de Sócrates que aparece no *Simposio ou Banquete* de Platón, que é, como se sabe, o diálogo platónico centrado na erótica. Este diálogo é o texto teórico básico da concepción amorosa primixenia de Occidente e está construído precisamente sobre as ensinanzas de Diótima como inspiración máxima. Sócrates di desa súa mestra que era unha muller moi entendida no amor e que todo o que el sabía sobre o tema llo debía a ela. Relata fielmente a intelixente conversa que mantiveron sobre o asunto, mostra a admiración que sinte pola súa sabedoría e cualifícaa de “estranxeira” e “moi sabia Diótima”. Da súa importante contribución ao *Banquete* interésanme especialmente aquelas palabras da propia Diótima, pronunciadas cando chega xa ao momento culme das súas ensinanzas, unhas palabras que mostran un profundísimo coñecemento do amor como práctica humana dificilmente accesible e, se cadra, significativamente alcanzada por unha muller estranxeira, é dicir, allea ao poder do estado:

Quizá, Sócrates, cheguei a iniciarte ata nos misterios do amor; mais en canto ao derradeiro grao da iniciación e ás revelacións máis secretas, para as que todo o que acabo de dicir non é máis que unha preparación, non sei se, nin aínda dirixido, podería o teu espírito elevarse ata elas. Eu, non obstante, continuarei sen que se enfríe o meu celo. Trata de seguirme o mellor que poidas.

E tamén teñen para min particular interese aquelas outras que, sabendo do que falan, identifican o amor co gozo da beleza absoluta e co pracer máximo que se pode dar na vida: “Ouh, meu querido Sócrates, (...) se por algo ten mérito esta vida, é pola contemplación da beleza absoluta”.

Emma Goldman: unha anarquista rusa pola liberdade amorosa

E, se no principio foi Diótima, no final podería ser Emma Goldman, a feminista libertaria que fomos citando como un fío imprescindible. Ela atreveuse non só a falar de sexo senón tamén de amor e a espilo de todo o poder que tradicional e interesadamente viña habendo nel.

Emma Goldmam, a anarquista xudeo-rusa afincada nos Estados Unidos publicou en *Tráfico de mulleres* dous ensaios sobre a liberdade sexual criticando o carácter venal e opresivo dos dous fenómenos cos que a nosa sociedade veu canalizando e controlando os impulsos erótico-amorosos, a prostitución e o matrimonio.

Quero citar unhas palabras súas deste libro sobre a necesaria liberdade e as inmensas potencialidades do amor, que seguen estando absolutamente vixentes:

O amor, o elemento máis forte e máis profundo da vida, o precursor da esperanza, da alegría, do éxtase; o amor, que desafía todas as leis, todas as convencións; o amor, o máis libre, o máis poderoso dos forxadores do destino humano; ¿como é posible que esa forza totalizadora sexa sinónima de matrimonio, esa pobre e mesquiña herba da fame enxendrada polo Estado e a Igrexa?

¿Amor libre? ¡Como se o amor puidese non ser libre! O home comprou cerebros, mais todos os millóns do mundo non puideron comprar o amor. O home someteu os corpos, mais todos os poderes da terra foron incapaces de someter o amor, O home conquistou nacións, mais ningún exército puido conquistar o amor. O home encadeou e limitou o espírito, mais diante do amor viuse absolutamente desamparado. (...) Si, o amor é libre; non pode vivir noutra atmosfera. Na liberdade entrégase sen reservas, abundante, total. Cando o amor vota raíces non hai leis, nin estatutos, nin tribunais no universo capaces de arrincalo do chan.

E quero lembrar outras que insisten nas inmensas potencialidades positivas do amor e da utopía da solidariedade amorosa e que falan do amor

individual e do amor colectivo, dúas realidades que só poden medrar unha ao lado da outra e que son a solución única aos males da humanidade:

Algún día uns cantos homes e mulleres ergueranse, chegarán ao cume da montaña, sentiranse grandes, poderosos e libres, preparados para recibir, para compartir e quentarse baixo os raios dourados do amor ¡Que fantasía, que imaxinación, que xenio poético pode intuír, aínda que sexa de forma aproximada, as potencialidades de semellante forza na vida dos homes e das mulleres! Se o mundo é capaz de dar a luz un verdadeiro compañeirismo e unha unidade, o amor (...) será o único Creador.

### **Amor libre**

Para rematar quero dicir, concluíndo, que o amor só pode ser libre e que sen liberdade non hai amor. Non hai, pois, desde o feminismo máis aberto e libertario, contrario a todo poder, outra mensaxe que non sexa a do amor libre.